



Adaptación Programación Educación Primaria

Tendo en conta o *Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, e segundo as *Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación* para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019/20 establécense os seguintes criterios de avaliacións e estándares de aprendizaxe esixibles para o seguinte nivel educativo:

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS.

1º Educación Primaria

BLOQUE 1. COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade. PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas. PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis...).

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B2.1. Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases	PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á



moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos	súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.
B2.2. Participar de maneira simple e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara e poida provocar malos entendidos.	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).
B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.

BLOQUE 3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital	PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B4.1. Copiar e completar palabras e textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, referido ao vocabulario aprendido oralmente, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.

BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B5.5. Expresar e identificar estados de ánimo básicos	PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)
B5.7. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).



2º Educación Primaria

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.	PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down...).

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
-B2.1. Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).	PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles.
B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).
B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos.

BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS



Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual	PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais
B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando una entoación e pronuncia adecuadas	PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación.	PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.

BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...). PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

Teranse en conta as aprendizaxes desenvolvidas no primeiro e segundo trimestre, avaliando o grao de desenvolvemento das mesmas e das competencias imprescindibles definidas anteriormente.

No terceiro trimestre, non presencial, valorarase positivamente o traballo realizado, así como aquelas actividades de reforzo propostas ao alumnado para superar os contidos non acadados no primeiro e segundo trimestre, e sempre tendo en conta as limitacións individuais, as medidas



de atención educativa e as dificultades tecnolóxicas e familiares.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

No primeiro e segundo trimestre as ferramentas para a avaliación foron a observación e o seguimento sistemático do alumno, tomando en consideración o interese por participar activamente nas actividades na aula, rexistro da realización das rutinas e tarefas propostas, ...

No terceiro trimestre farase un seguemento e rexistro de realización das actividades interactivas propostas na aula virtual, que serán valoradas sempre en positivo.

A comunicación coas familias é constante, a través das titoras ou por medio de ferramentas da aula virtual (foros), para resolver posibles dúbidas, así como para transmitir ao noso alumnado o recoñecemento e valoración en positivo do seu traballo, co fin de motivalos e axudarlles a manter unha rutina de traballo levadeiro e, ó mesmo tempo ,significativo.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO E AMPLIACIÓN)

As actividades serán competenciais e terán a finalidade de reforzar os contidos e aprendizaxes acadados durante o primeiro e o segundo trimestre. Por tratarse dunha lingua, traballaranse tamén, aqueles contidos e aprendizaxes que tiveron lugar en cursos anteriores.

Tendo en conta que o centro garantiu a conectividade de todo o alumnado, a ferramenta utilizada como soporte para as actividades a levar a cabo no terceiro trimestre será a Aula Virtual.

As actividades propostas serán en diversos formatos, a maioría delas recursos audiovisuais existentes na rede (cancións, contacontos, xogos interactivos,...) e outros de elaboración propia como fichas interactivas, actividades Lim, presentacións, Kahoot, e as que se poden xerar dende a propia Aula Virtual. Nos casos do 1º e 2º curso serán fundamentais aquelas que traballen o aspecto oral da lingua.



Adaptación da programación Educación Primaria

Tendo en conta o *Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, e segundo as *Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación* para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019/20 establécense os seguintes criterios de avaliacións e estándares de aprendizaxes esixibles para o seguinte nivel educativo:

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS.

Educación Infantil

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación mínimos para os niveis de educación infantil son:

- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.
- Amosar interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.
- Manter unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- Amosar interese por coñecer aspectos da lingua e cultura estranxeira.
- Participar empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua estranxeira.
- Gustar de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos.
- Participar activamente nas actividades que combinan o uso da lingua e a resposta corporal implicada pola orde emitida.
- Amosar interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.
- Empregar expresións convencionais de cortesía de saúdo, na lingua estranxeira.
- Empregar expresións convencionais de cortesía de despedida na lingua estranxeira.
- Empregar expresións convencionais de cortesía para desculparse na lingua estranxeira.
- Empregar expresións convencionais de cortesía de agradecemento na lingua estranxeira.

Os items de avaliación recollidos para cada nivel son os seguintes:



4º EDUCACIÓN INFANTIL:

Participa activamente nas actividades que combinan o uso da lingua e a resposta corporal implicada pola orde emitida.

Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutras linguas.

5º EDUCACIÓN INFANTIL:

Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua estranxeira.

Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutras linguas.

6º EDUCACIÓN INFANTIL:

Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición se sons, palabras e enunciados significativos.

Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutras linguas.

3º EDUCACIÓN PRIMARIA

Criterios mínimos de avaliación:

Os criterios mínimos de avaliación para o terceiro nivel son:

- Amosa interese por escoitar e disfruta aprendendo cancións, contos, xogos novos.

- É capaz de responder a instrucións básicas e ordes moi sinxelas e frecuentes utilizadas nas rutinas diarias (sit down, sing, listen...)

- É capaz de recoñecer e sabe utilizar: -vocabulario específico das rutinas diarias da clase: greetings; weather; days of the week; numbers; colours; identificación de estados de ánimo; identificación de nomes de diferentes obxectos e materiais relacionados coa aula.

- É capaz de utilizar estratexias para comprender o sentido xeral do texto.

- É capaz de recoñecer polo menos a metade do léxico de alta frecuencia traballado relativo a:

Colours, numbers, greetings, weather, days of the week, feelings, places, furniture, clothes, Halloween and Christmas vocabulary, free time activities, musical instruments, hobbies, skills, adjectives to describe people.

- Comprende e sabe utilizar estruturas sinxelas para expresar:

Rutinas da clase: saúdos, día da semana, o tempo atmosférico...información persoal: nome, estados de ánimo, o que teñen ou non (Have you got (any brothers or



sisters)? Yes, I have., No, I haven't), a roupa que levan posta (What are you wearing? I'm wearing a yellow raincoat), onde están situados diferentes obxectos ou lugares, contar algo sobre as celebracións de Halloween e Christmas e comparalas coas nosas, os seus hobbies, o que saben facer (Can you play the piano? Yes, I can. No, I can't)

- Recoñece e reproduce de forma escrita vocabulario e estruturas básicas traballadas na aula con apoio visual.

- Amonsa interese por realizar as distintas actividades propostas na aula.

- Remata as tarefas cun certo grao de autonomía.

Estándares de aprendizaxe:

☞ Bloque 1. Comprensión de textos orais.

PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.

PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado

PLEB1.3. Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).

PLEB1.4. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que tratan sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.

PLEB1.5. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).

PLEB1.6. Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido

☞ Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción

PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles

PLEB2.3. Amonsa unha actitude de escoita atenta

PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.

PLEB2.5. Amonsa interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as.

☞ Bloque 3. Comprensión de textos escritos

PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados



previamente de forma oral.

PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais.

PLEB3.3. Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.

PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.

PLEB3.5. Iníciase na selección de contos ou narracións da biblioteca de aula para a súa lectura guiada e respectando as súas normas de funcionamento.

PLEB3.6. Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción.

PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.

PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.

PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses.

PLEB4.4. Completa un formulario con seus datos e dos e das demais (nome, apelido e idade...).

PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, de que cor é un obxecto, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.

PLEB4.6. Escribe en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata de xeito elemental.

PLEB4.7. Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade.

PLEB4.8. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

PLEB5.1. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais.

PLEB5.2. Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...)

PLEB5.3. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas.

PLEB5.5. Expresa e identifica de xeito elemental os seus desexos.

PLEB5.6. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.

PLEB5.7. Diferenza preguntas e respostas simples.

PLEB5.8. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións máis habituais.

PLEB5.10. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir



con léxico traballado previamente de forma oral.

PLEB5.11. Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais

PLEB5.12. Valora a realidade plurilingüe da súa propia contorna.

PLEB5.13. Amosa interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas.

PLEB5.15. Relaciona elementos socioculturais estranxeiros cos propios para avanzar no desenvolvemento dunha conciencia intercultural.

Seccións bilingües: Plástica.

5º Educación primaria

Criterios mínimos de avaliación:

Bloque 1. Educación audiovisual:

B1.1. Distinguir as diferenzas fundamentais entre as imaxes fixas e en movemento, clasificándoas seguindo patróns aprendidos

B1.2. Identificar e describir os materiais, utensilios e soportes, texturas, formas e cores; comprobando as posibilidades que achegan para a creación artística.

Bloque 2. Expresión artística:

B2.1. Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos etc.)

B2.4. Representa, de forma persoal, ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.

B2.5. Participar con interese, coidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, respectando as normas e as regras previamente establecidas.

B2.6. Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación.

B2.7. Utilizar e manexar as tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño.

Utilizar a lingua inglesa nas rutinas da clase.

Estándares de aprendizaxe:

Bloque 1: Educación audiovisual:

EPB1.1.1. Recoñece as imaxes fixas e en movemento e clasificaas



EPB1.2.1. Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra.

Bloque 2: Expresión artística:

EPB2.1.1. Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades.

EPB2.1.2. Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio.

EPB2.2.2. Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico (cuadrícula).

EPB2.2.3. Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo

EPB2.3.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas.

EPB2.3.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volume.

EPB2.3.4. Combina e analiza as cores para as utilizar correctamente na composición.

EPB2.3.5. Aproveita a diferenza das texturas achegadas polos lapis de cores e as ceras.

EPB2.4.1. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados.

EPB2.4.3. Analiza e compara as texturas naturais e artificiais, así como as texturas visuais e táctiles, sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos.

EPB2.4.5. Realiza imaxes humanas, animais e casas, partindo dun bosquexo.

EPB2.5.1. Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final.

EPB2.5.2. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados.

EPB2.5.3. Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material.

EPB2.6.1. Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos

EPB2.6.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.

Presenta interese por aprender novo vocabulario.

Ten unha actitude positiva cara á utilización da lingua inglesa nun contexto diferente.

6º Educación primaria

Crterios mínimos de avaliación:

Bloque 1: Educación audiovisual:

B1.1. Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.

B1.2. Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.

B1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento.

Bloque 2. Expresión artística:

B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.

B2.2. Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado.

B2.3. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.

B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos.

B2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.

Utilizar a lingua inglesa nas rutinas da clase.

Estándares de aprendizaxe:

Bloque 1. Educación audiovisual:

EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.

EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.

EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.

EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.

EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes



fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).

EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.

EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa..

Bloque 2. Expresión artística:

EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.

EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).

EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.

EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.

EPB2.1.5. Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades.

EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.).

EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.

EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.

EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.

EPB2.5.3. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.

EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.

Presenta interese por aprender novo vocabulario.

Ten unha actitude positiva cara á utilización da lingua inglesa nun contexto diferente.

Procedementos e instrumentos de avaliación

A aprendizaxe do alumno debe ser avaliada sistemática e periódicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridas como para



introducir no proceso educativo cantas modificacións como sexan precisas se a situación o require, como é o caso.

Teremos en conta varias modalidades de avaliación: a **avaliación sumativa**, realizada en diferentes momentos do curso, pero tamén a **inicial**, a **final** e, sobre todo, a **continua** ou **formativa**, aquela que ocorre durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe, inmersa nel, e que insiste, polo tanto, no carácter orientador e de diagnóstico do ensino.

A **avaliación por competencias** permite avaliar tanto o cumprimento dos obxectivos do curso, como o grao de adquisición das competencias básicas. Algúns criterios son ligados expresamente a conceptos, e outros, preferentemente a procedementos e actitudes.

Os procedementos de avaliación terán que atender por tanto a:

A realización de traballos escritos:

Tarefas diversas realizadas polo alumnado nas actividades diarias da clase. Caderno de clase do alumno. Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiáveis, probas escritas individuais...). Traballos de grupo. Resolución de exercicios e problemas. Actividades interactivas.

A observación directa e sistemática das intervencións orais:

Preguntas individuais e grupais. Participación do alumno/a. Intervencións na clase. Postas en común. Exposicións orais. Entrevistas. Listas de control. Rexistros anecdóticos persoais. Rexistros de incidencias. Fichas de rexistro individual.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

As primeiras medidas adoptadas ante esta situación tan inesperada e anómala foron as de proporcionarlle ao alumnado unha serie de symbaloos acordes co seu nivel educativo, cheos de recursos online que lles permitiran reforzar os coñecementos xa adquiridos durante o curso de xeito lúdico.

En canto fomos conscientes de que a situación se ía alongar no tempo, retomáronse as actividades que se estaban realizando para pechallas, na medida das posibilidades das que dispoñíamos. Pechouse así a segunda avaliación dun xeito un tanto abrupto.

Neste trimestre, a metodoloxía empregada segue as mesmas liñas de actuación: optouse por ofrecer ao alumnado unha importante cantidade de recursos online: cancións, contos, xogos e fichas interactivas maiormente, que lles permiten reforzar os coñecementos xa adquiridos do xeito máis lúdico posible. Inténtanse cubrir as necesidades de todo o alumnado, e así, ademáis de organizar os traballos na aula virtual, envíanselle a través de grupos de wasap os enlaces a todas aquelas familias que por falta de recursos non poden acceder a esta plataforma educativa, pero si poden por exemplo ver unha ficha de traballo, un vídeo, ou un xogo online a través



dun móbil. Inténtase en todo momento respectar os diferentes ritmos de traballo do alumnado e tense en conta que a dispoñibilidade das familias para acompañar aos nenos nesta forma diferente de traballo non é igual en todos os casos. As actividades propostas intentan cubrir as necesidades tanto dos alumnos que teñen máis dificultades e un ritmo de traballo máis lento, como as daqueles que demandan máis,

As titoras de infantil, en contacto directo coas familias, elaboran propostas didácticas de xeito diario, incluíndo actividades das especialidades cunha frecuencia semanal, polo que lóxicamente non podemos contar coa disposición horaria que tiñamos nas aulas ordinarias. O feito de que os nenos/as dispoñan dun sýmbaloo de inglés, garantiza que aqueles alumnos que demanden unha dedicación semanal maior teñan recursos suficientes para cubrir esas necesidades.

No nivel de terceiro traballouse a partir da elaboración de sparks máis específicos, colgados na aula virtual, a razón dun tema por semana. Neles hai material suficiente para cubrir as necesidades daqueles alumnos que demanden actividades de ampliación, e que ademáis seguen contando co sýmbaloo do seu nivel con ligazóns a distintos recursos educativos. Así mesmo preparouse material específico para un neno con aci en inglés.

Con respecto ao alumnado das seccións bilingües de plástica, e dado que o material utilizado se comprou a principios de curso e quedou no cole, fánsele recomendacións de páxinas web, a maior parte delas con indicacións ou tutoriais en inglés, con actividades artísticas que poden levar a cabo con diferentes materiais que poidan ter pola casa.

Para concluir, decir que haberá que replantexarse a programación do próximo curso, de xeito que se inclúan os contidos que este ano non se puideron ver de xeito presencial.



Adaptación Programación Educación Primaria

Tendo en conta o *Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, e segundo as *Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación* para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019/20 establécense os seguintes criterios de avaliacións e contidos mínimos esixibles para o seguinte nivel educativo:

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS.

4º Educación Primaria

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.</p> <p>Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis importante do texto.</p> <p>Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</p>	<p>Comprende o sentido global e a información máis importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.</p> <p>Comprende os puntos principais e reconece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.</p> <p>Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que tratan sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.</p> <p>Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.</p> <p>Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.</p>

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS



Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (<i>and/or/then</i>).</p> <p>Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.</p> <p>Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.</p> <p>Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.</p>	<p>Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata cunha pronuncia e entoación comprensibles.</p> <p>Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.</p> <p>Amosa unha actitude de escoita atenta.</p> <p>Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións).</p> <p>Manifesta interese e respecto polas apartacións do seus compañeiros/as.</p> <p>Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.</p> <p>Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.</p>

BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.</p> <p>Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.</p> <p>Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e</p>	<p>Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</p> <p>Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.</p> <p>Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.</p> <p>Selecciona contos, narracións ou outro material</p>



<p>interrogacións.</p>	<p>escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses.</p> <p>Iniciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora.</p> <p>Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas.</p> <p>Valora a lingua escrita como medio de comunicación.</p> <p>Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.</p>
------------------------	---

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p> <p>Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.</p> <p>Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.</p> <p>Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente.</p>	<p>Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.</p> <p>Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.</p> <p>Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos).</p> <p>Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...).</p> <p>Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.</p> <p>Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos.</p> <p>Presenta os seus textos con caligrafía clara e</p>



	<p>limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas, etc.</p> <p>Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica.</p>
--	--

BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
